## CEP Campolongo

**De:** "ROMAN LATAS CALVO" <rlc@edu.xunta.es>
**Fecha:** jueves, 03 de abril de 2014 22:23
**Asunto:** Empadroamento e unidade familiar

Sr/a Director/a:

En relación ás dúbidas xurdidas para o caso de solicitudes de praza nas que toda a unidade familiar estea empadroada no domicilio familiar excepto un dos proxenitores sen que exista separación ou divorcio, comunícolle que:

- Corresponde ao administrado cumprir cos requirimentos que establece a normativa, e non ao revés.
- Por outra parte o Código Civil establece no seu artigo 68 que:

Artículo 68. Redacción según Ley 15/2005, de 8 de julio.
**Los cónyuges están obligados a vivir juntos**, guardarse fidelidad y socorrerse mutuamente. Deberán, además, compartir las responsabilidades domésticas y el cuidado y atención de ascendientes y dependientes a su cargo

Polo tanto, os pais que non figuran inscritos no empadroamento cos seus fillos e coa súa muller ou marido, deben explicar cal é o motivo, xustificar este documentalmente e aportar un certificado de empradoamento de todas as persoas inscritas no lugar onde está empadroado o proxenitor que non figure no domicilio familiar. Asemade, deben aportar escritura de compravenda ou doazón da vivenda familiar a nome dun dos proxenitores, ou ben contrato de aluguer (co xustificante de ter depositada a fianza no IGVS) a nome dun dos proxenitores, xuntamente cos recibos de alta da luz, auga ou gas a nome dun dos proxenitores.

Por outra banda, se non hai coincidencia do domicilio fiscal e familiar para un dos proxenitores cando non exista divorcio ou separación esixirare o establecido no artigo 22 da Orde do 12 de marzo de 2013.

Non obstante, se vostede o desexa, pode enviarnos por email toda a documentación escaneada deses casos para que a examinemos.

Un saúdo

Román Latas Calvo
Inspección de educación
Xefatura territorial de Pontevedra
Tel: 986 805963